



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia.


Fichas descritivas



Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

**Pablo Ramil Rego
Manuel Antonio Rodríguez Guitián
Javier Ferreiro da Costa
Marco Rubinos Román
Luis Gómez-Orellana Rodríguez
Belén de Nóvoa Fernández
Boris Alejandro Hinojo Sánchez
Susana Martínez Sánchez
Carmen Cillero Castro
Ramón Alberto Díaz Varela
Patricia María Rodríguez González
Castor Muñoz Sobrino**

**GI-1934 TTB
Universidade de Santiago de Compostela**



Monografías do IBADER - Lugo 2008

Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas

Primeira edición: 2008

Autores: Pablo Ramil Rego; Manuel Antonio Rodríguez Guitián; Javier Ferreiro da Costa; Marco Rubinos Román; Luis Gómez-Orellana Rodríguez; Belén de Nóvoa Fernández; Boris Alejandro Hinojo Sánchez; Susana Martínez Sánchez; Carmen Cillero Castro; Ramón Alberto Díaz Varela; Patricia María Rodríguez González; Castor Muñoz Sobrino

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Ramil Rego, P.; Rodríguez Guitián, M.A.; Ferreiro da Costa, J.; Rubinos Román, M.; Gómez-Orellana, L.; de Nóvoa Fernández, B.; Hinojo Sánchez, B.A.; Martínez Sánchez, S.; Cillero Castro, C.; Díaz Varela, R.A.; Rodríguez González, P.M. & Muñoz Sobrino, C. (2008). Os Hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descritivas. Monografías do Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Deseño e Maquetación: GI-1934 TTB - IBADER

Fotografía: Arquivo fotográfico GI-1934 TTB - IBADER

Ilustracións: GI-1934 TTB - IBADER

ISSN edición impresa: 1888-5810

ISSN edición dixital: 1988-8341

<http://www.ibader.org>

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n. E-27002 Lugo, Galicia.

<http://www.ibader.org>

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

Colabora:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
I N L U D E S



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Correspondencias

Paleartic	22.12 x (22.31 e 22.32).
Ramsar	O.
IHG	2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5.

Denominación oficial

Inglés	Oligotrophic to mesotrophic standing waters with vegetation of the <i>Littorelletea uniflorae</i> and/or <i>Isoeto-Nanojuncetea</i> .
Castelán	Aguas estancadas, oligotróficas o mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> y/o <i>Isoeto-Nanojuncetea</i> .

Denominación vulgar

Galego	Charca, lagoa, lagúa.
Castelán	Charca, charco, laguna.

Descrición científica

Descrición do Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

22.12 x 22.31: vexetación perenne acuática ou anfibia de baixo porte que vive en lagos, lagoas, charcas, charcos temporais e interfases terra-auga de augas oligotróficas a mesotróficas pertencente á Orde *Littorelletea uniflorae*.

22.12 x 22.32: vexetación anfibia anual pioneira de pequeno porte (Clase *Isoeto-Nanojuncetea*) que crece sobre substratos pobres en nutrientes dos medios litorais de lagos, lagoas, charcas e charcos temporais ou o fondo dos devanditos medios acuáticos durante períodos de desecamento.

Estas dúas unidades poden crecer xuntas ou de forma separada. As especies vexetais características son, xeralmente, pequenos efemerófitos.

Características diagnósticas do hábitat

Características estacionais.

Charcas estacionais ou permanentes de augas pobres en nutrientes (oligo a mesotróficas) con lámina de auga fortemente oscilante formadas en pequenas depresións do terreo ou cubetas de sobreescavación glaciár. A natureza silíceo do substrato onde aparecen é a causa do baixo contido de nutrientes que presentan as súas augas.

Fisionomía e estrutura.

A aparencia máis frecuente deste hábitat durante o inverno caracterízase pola presenza dunha lámina de auga máis ou menos profunda baixo a que a vexetación perenne pasa a estación desfavorable; durante a época estival adoitan conformarse bandas concéntricas de vexetación dende a marxe externa cara ao interior, que nalgúns casos, conserva auga mesmo durante o verán.

Variabilidade.

As charcas con auga permanente soportan unha vexetación pauciespecífica dominada por helófitos de pequeno porte mentres que aquelas que se desecan son algo máis ricas en especies, sendo dominantes as monocotiledóneas (gramíneas e xuncáceas).

3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Especies indicadoras segundo Manual de Interpretación dos Hábitats da UE

Plantas:

22.12 x 22.31: *Eleocharis acicularis*, *Juncus bulbosus* ssp. *bulbosus*, *Littorella uniflora*, *Luronium natans*, *Pilularia globulifera*, *Potamogeton polygonifolius*, *Sparganium minimum*. 22.12 X 22.32: *Centaurium pulchellum*, *Centunculus minimus*, *Cicendia filiformis*, *Cyperus fuscus*, *Cyperus michelianus*, *Cyperus flavescens*, *Elatine* spp., *Eleocharis ovata*, *Juncus bufonius*, *Juncus tenageia*, *Limosella aquatica*, *Lindernia procumbens*, *Schoenoplectus supinus*, *Scirpus setaceus*.

Especies indicadoras para Galicia

Plantas:

Antinoria agrostidea, *Eleocharis acicularis*, *Eleocharis palustris*, *Glyceria declinata*, *Juncus bulbosus* ssp. *bulbosus*, *Littorella uniflora*, *Luronium natans*, *Pilularia globulifera*, *Potamogeton polygonifolius*, *Ranunculus peltatus*, *Sparganium angustifolium*.

Especies da Directiva 92/43/CEE que poden atoparse no hábitat

Plantas:

Eryngium viviparum, *Luronium natans*

Correspondencia fitosociolóxica

CLASE ISOETO-LITTORELLETEA

Orde Littorelletalia

Alianza *Littorellion uniflorae*

As. *Sparganio angustifolii-Isoetetum lereschi*

Alianza *Hyperico elodis-Sparganion*

As. *Eleocharitetum multicaulis*

CALSE ISOETO-NANOJUNCETEA

Orde Isoetetalia

Alianza *Cicendion filiformis*

As. *Cicendietum filiformis*

CLASE PHRAGMITO-MAGNOCARICETEA

Orde Nasturtio-Glycerietalia

Alianza *Glycerio-Sparganion*

Subalianza *Glycerienion fluitantis*

As. *Glycerio declinatae-Eleocharitetum palustris*

Hábitats asociados ou en contacto

Este tipo de hábitat adoita facer contacto ou formar mosaico con "Queirogais húmidos atlánticos de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*" (4020*) e con "Formacións herbáceas con *Nardus*, con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental)" (6230*).

3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* elou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Distribución xeográfica

Distribución na Unión Europea



Distribución na Unión Europea

Hábitat amplamente distribuído polos países da UE.


Distribución en Galicia

Presente en diversos complexos de humidais, tanto litorais como interiores, onde tende a ser máis frecuente.

Distribución na Rede Natura 2000 de Galicia

Puntual en diversos espazos distribuídos preferentemente no interior de Galicia.

Distribución dentro da Rede Natura 2000 de Galicia (Lugares de Importancia Comunitaria)




3 Hábitats de auga doce.


3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Área de presenza

Área de presenza no Norte Peninsular por cuadrículas UTM de 100 Km². Distribución a partir da EEA.



Área de presenza en Galicia por cuadrículas UTM de 100 Km². Datos actualizados 2008.



3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Presenza nos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES1110001	Ortigueira-Mera	C ●	ES1120015	Serra do Xistral	Lu ●
ES1110002	Costa Ártabra	C ●	ES1120016	Río Cabe	Lu ●
ES1110003	Fragas do Eume	C	ES1120017	Costa dá Mariña Occidental	Lu
ES1110004	Encoro Abegondo Cecebre	C	ES1130001	Baixa Limia	Ou ●
ES1110005	Costa da Morte	C ●	ES1130002	Macizo Central	Ou ●
ES1110006	Complexo Corrubedo	C ●	ES1130003	Bidueiral de Montederramo	Ou
ES1110007	Betanzos-Mandeo	C	ES1130004	Pena Veidosa	Ou
ES1110008	Carnota-Monte Pindo	C ●	ES1130005	Río Támega	Ou ●
ES1110009	Costa de Dexo	C	ES1130006	Veiga de Ponteliñares	Ou
ES1110010	Estaca de Bares	C	ES1130007	Pena Trevinca	Ou ●
ES1110011	Esteiro do Tambre	C	ES1130008	Pena Maseira	Ou
ES1110012	Monte e Lagoa de Louro	C ●	ES1130009	Serra da Enciña da Lastra	Ou
ES1110013	Xubia-Castro	C ●	ES0000001	Illas Cíes	Po
ES1110014	Serra do Careón	C	ES1140001	Sistema fluvial Ulla-Deza	Po
ES1110015	Río Anllóns	C	ES1140002	Río Lérez	Po
ES1110016	Río Tambre	C	ES1140003	A Ramallosa	Po
ES1120001	Os Ancares-O Courel	Lu ●	ES1140004	Complexo Ons-O Grove	Po ●
ES1120002	Río Eo	Lu	ES1140005	Monte Aloia	Po
ES1120003	Parga-Ladra-Támoga	Lu ●	ES1140006	Río Tea	Po
ES1120004	A Marronda	Lu	ES1140007	Baixo Miño	Po ●
ES1120005	Ás Catedrais	Lu	ES1140008	Brañas de Xestoso	Po ●
ES1120006	Carballido	Lu	ES1140009	Cabo Udra	Po
ES1120007	Cruzul-Agüeira	Lu	ES1140010	Costa da Vela	Po
ES1120008	Monte Faro	Lu	ES1140011	Gándaras de Budiño	Po ●
ES1120009	Monte Maior	Lu	ES1140012	Illas Estelas	Po
ES1120010	Negueira	Lu	ES1140013	Serra do Candán	Po
ES1120011	Ría de Foz-Masma	Lu ●	ES1140014	Serra do Cando	Po ●
ES1120012	Río Landro	Lu	ES1140015	Sobreirais do Arnego	Po
ES1120013	Río Ouro	Lu ●	ES1140016	Enseada de San Simón	Po
ES1120014	Canón do Sil	Lu			

Presenza en Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA)

Cod.	Denominación	Prov.	Cod.	Denominación	Prov.
ES0000086	Ría de Ortigueira e Ladrado	C ●	ES1130009	Serra de Enciña da Lastra	Ou
ES0000176	Costa da Morte (Norte)	C ●	ES0000376	Baixa Limia-Serra do Xurés	Ou ●
ES0000258	Costa de Ferrolterra-Valdoviño	C ●	ES0000437	Pena Trevinca	Ou ●
ES0000313	Complexo Litoral Corrubedo	C ●	ES0000001	Illas Cíes	Po
ES0000085	Ribadeo	Lu	ES0000087	Complexo Umia-O Grove	Po ●
ES0000373	Ría de Foz	Lu ●	ES0000254	Illa de Ons	Po
ES0000372	Costa da Mariña Occidental	Lu	ES0000375	Esteiro do Miño	Po ●
ES0000374	Ancares	Lu ●			

3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*.

Aspecto das representacións do hábitat en Galicia



Charca oligotrófica, representación do hábitat "3130 Augas estancadas oligotróficas a mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*" rodeada de queirógais higróturfófilos con *E. tetralix* (4020*) e cervunais (6230*). Meixón Vella, cabeceira do Val de Piornedo (Cervantes).



Eryngium viviparum atopa o seu hábitat óptimo dentro dalgunhas representacións do "3130 Augas estancadas oligotróficas a mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoeto-Nanojuncetea*".

3 Hábitats de auga doce.

3130 Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de *Littorelletea uniflorae* e/ou *Isoetes-Nanojuncetea*.

Aproveitamentos

Aproveitamentos tradicionais do hábitat

Nas áreas baixas era frecuente a caza de aves acuáticas propias destes ambientes. As representacións situadas nas áreas montañosas, próximas aos pastos estivais ("brañas" e "malladas") adoitaban utilizarse como bebedoiro do gando.

Estado de conservación

Indicadores do estado de conservación do hábitat

O grao de cobertura, a composición florística e a estrutura da vexetación, xunto coas características físico-químicas das augas, son excelentes indicadores do estado de conservación do hábitat.

Factores que dificultan ou impiden o estado de conservación favorable

Todos aqueles que desvirtúan a composición florística, estrutura ou grao de cobertura da vexetación así como os niveis de nutrientes característicos das augas que orixinan e manteñen este tipo de hábitat.

Factores que contribúen ao estado de conservación favorable do hábitat

Considéranse actuacións favorables para a conservación do hábitat todas aquelas que contribúan a manter ou recuperar as características propias da vexetación e a calidade das augas.

Bibliografía

Bellot (1952, 1968), Géhu (1975b), Morla (1983), Guitián (1984), Ortiz (1986), Rodríguez-Oubiña (1986), Fernández Aláez et al. (1987), Silva-Pando et al. (1987), Soñora (1989), Silva-Pando (1990), Rodríguez-Oubiña & Ortiz (1991), Díaz González & Fernández Prieto (1994), Rodríguez-Oubiña et al. (1997a), Molina & Casado (1998), Pulgar (1999), Izco et al. (2001), VV.AA. (2003), Romero et al. (2004 a, 2000b) e datos propios.

